



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E A ENTIDADE MEDIOS DIGITALES DE GALICIA, S.A.U.,
PARA A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTUACIÓN RELACIONADAS COA
SEGURIDADE VIARIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras formalizou coa Entidade Medios Digitales de Galicia S.A.U., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e Entidade Medios Digitales de Galicia S.A.U. para elaborar e publicar un mínimo de catro (4) emisións onde aparezan destacadas aquelas estratexias, programas e/ou iniciativas incluídas no ámbito competencial da Axencia Galega de Infraestructuras relacionadas coa seguridade viaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. Deste xeito, a información e comunicación difundida a través destes medios constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario





natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecente con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado a sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de novembro 2017.

